

JOSÉ LUIS BUJÁN MOSTEIRO, en calidade de delegado sindical do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ) pola provincia de Lugo.

Dende o Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 1 de Viveiro levase pedindo persoal de reforzó dende hai tempo, (solicitado polo Letrado da Administración de Xustiza deste xulgado en escrito de 23-03-2021), petición que e apoiada por este sindicato, en repetidas ocasións, sabedor da necesidade de una persoa do corpo de tramitación procesual e administrativa, xa que este órgano leva o Decanato e máis o Rexistro Civil e motivado pola carga de traballo que soporta e as funcións de Xulgado Decano que ten asignadas; ademais de que o volumen de asuntos que entran neste xulgado vai en aumento hai que sumarlle a pendencia acumulada pola situación derivada da pandemia.

Na reunión mantida coa DXX o pasado día 8 de xuño, o Director Xeral comunicounos que se ía tratar, en reunión co TSXG, a designación de reforzos para varios xulgados, entre eles o Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Viveiro. Pois ben, a día de hoxe aínda non se produciu o nomeamento de dito reforzó e tendo en conta que os compañeir@s deste xulgado empezan a disfrutar as vacacións o perxuicio que vai sufrir este xulgado vai ser moito maior, polo que instamos a DXX que nombre un reforzó para dito xulgado a maior brevedade posible.

Por todo isto SOLICITAMOS que se dote a este xulgado con carácter urxente dun/unha funcionario/a de reforzó do corpo de tramitación procesual e administrativa.

Lugo a 13 de xullo de 2021

Sindicato de Traballadores de  
la Administración de Justicia

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Rúa de Madrid 2-4, 2º andar. SANTIAGO DE COMPOSTELA